

Disposición transitoria primeira. *Determinación transitoria dos límites de crecemento económico a que se refire o artigo 7 desta lei.*

1. Nos dous primeiros orzamentos cuxa elaboración deba iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2008, a taxa de variación do produto interior bruto nacional real que determine o límite de crecemento económico por debaixo do cal o Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais do artigo 19.1 desta lei poden presentar déficit, será do 2 por 100 do produto interior bruto nacional.

2. Así mesmo, nos dous primeiros orzamentos cuxa elaboración se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2008 a taxa de variación do produto interior bruto nacional real que determine o límite de crecemento económico por riba do cal o Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais do artigo 19.1 desta lei deben presentar superávit, será do 3 por 100 do produto interior bruto nacional.

3. Transcorrido o período inicial a que se refiren os números anteriores, ou antes da dita data se concorren circunstancias excepcionais que así o aconsellen, as taxas de variación serán fixadas na forma establecida no artigo 7.3 desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Réxime dos plans de saneamento aprobados antes da entrada en vigor da lei.*

1. Os plans económico-financeiros de saneamento das comunidades autónomas ou entidades locais do artigo 19.1 desta lei, aprobados como consecuencia de orzamentos cuxa elaboración debía iniciarse con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2007, continuarán transitoriamente en vigor polo prazo inicial para o cal foron aprobados.

Neste caso, as comunidades autónomas ou entidades locais poderán presentar déficit nos exercicios para os cales, en razón da situación do ciclo económico, así se prevexa ou cando este se destine a financiar incrementos de investimento en programas destinados a atender actuacións produtivas, nos termos establecidos para o efecto nos artigos 7 e 8 desta lei.

Os déficits autorizados ao abeiro dos devanditos preceptos son adicionais aos previstos nos plans de saneamento que continúen en vigor.

2. O seguimento do cumprimento e execución dos plans económico-financeiros de saneamento a que se refire o número anterior levarase a cabo en función da base de entidades que constituían o seu sector de administracións públicas no momento en que foron aprobados.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico da lei.*

1. Esta lei, aprobada ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 149.1.18.^a da Constitución, constitúe lexislación básica do Estado, salvo o disposto no capítulo II do seu título II.

2. Así mesmo, esta lei apróbase ao abeiro das competencias que os artigos 149.1.11.^a e 149.1.14.^a da Constitución atribúen de maneira exclusiva ao Estado.

Disposición derradeira segunda. *Carácter básico das normas de desenvolvemento.*

As normas que, en desenvolvemento desta lei, aprobe a Administración xeral do Estado, terán carácter de básicas cando constituán o complemento necesario

respecto ás normas que teñan atribuída tal natureza conforme a disposición derradeira primeira.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo da lei.*

1. Facúltase o Consello de Ministros, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o desenvolvemento desta lei, así como para acordar as medidas necesarias para garantir a efectiva implantación dos principios establecidos nela.

2. Para facer efectivo o cumprimento do principio de transparencia, mediante orde do Ministro de Economía e Facenda, co informe previo do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas no que a estas afecte, determinaranse os datos e documentos obxecto de publicación periódica para coñecemento xeral, os prazos para a súa publicación, e o modo en que aqueles deban publicarse.

3. As normas de elaboración dos orzamentos xerais do Estado, así como dos escenarios orzamentarios pluri-anuais, serán aprobadas por orde do Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición derradeira cuarta. *Facendas forais.*

1. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo, segundo o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, conforme o disposto no Convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra.

2. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Autónoma do País Vasco do disposto nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto na Lei do concerto económico.

22529 REAL DECRETO 1757/2007, do 28 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, en materia de salario medio anual do conxunto de contribuíntes, obriga de declarar e retencións e ingresos á conta sobre rendementos do traballo. («BOE» 313, do 31-12-2007.)

O punto 2 do artigo 18 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, contén no seu último parágrafo a habilitación regulamentaria para a determinación do salario medio anual do conxunto dos declarantes no imposto, magnitude que intervéñen no cálculo da contía máxima sobre a que se aplica, de ser o caso, a redución do 40 por cento dos rendementos do traballo que deriven do exercicio de opcións de compra sobre accións ou participacións polos traballadores. Este real decreto modifica o punto 4 do artigo 11 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, para actualizar a contía desta magnitude.

En segundo lugar, en relación coa obriga de declarar, modifícase a letra C) do artigo 61.3 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas co obxecto de adecuar a súa redacción ao disposto no artigo 96 da

citada Lei 35/2006. Desta forma, para os exclusivos efectos da obriga de declarar, resultará indiferente que as rendas inmobiliarias imputadas procedan dun ou de varios inmoables.

Por outra banda, o punto 1 do artigo 101 da antedita Lei 35/2006 establece que as retencións e ingresos á conta sobre os rendementos do traballo derivados de relacións laborais ou estatutarias e de pensións e haberes pasivos fixaranse regulamentariamente, tomando como referencia o importe que resultaría de aplicar as tarifas á base da retención ou ingreso á conta.

En uso da citada habilitación e considerando que entre as previsións económicas do Goberno figura a do mantemento do poder adquisitivo dos salarios e as pensións, resulta necesario adoptar dúas medidas en materia de retencións e ingresos á conta sobre esta fonte de renda.

En primeiro lugar, procédese á actualización dos límites cuantitativos excluíntes da obriga de reter previstos no artigo 81.1 do citado regulamento, tendo en conta para o efecto a elevación no importe da redución por obtención de rendementos do traballo e do mínimo persoal e familiar aplicable no período impositivo 2008.

En segundo lugar, lévase a cabo unha actualización dos tramos da escala de retencións regulada no artigo 85.1 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable aos rendementos do traballo a que se refire o artigo 80.1.1.º do citado regulamento, de maneira que parte da vantaxe obtida non se vexa compensada como consecuencia da posterior aplicación dunha escala de retencións allea á elevación de rendas nominais. En consecuencia, modifícase o número 1.º do punto 1 do artigo 85 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, e defláctase nun 2 por cento cada un dos tramos da tarifa regulada nel.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de decembro de 2007,

DISPÓÑO :

Artigo único. *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.*

O Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, modifícase nos seguintes termos:

Un. O punto 4 do artigo 11 queda redactado como segue:

«4. A contía do salario medio anual do conxunto de declarantes do imposto, a que se refire o artigo 18.2 da Lei do imposto, será de 22.100 euros».

Dous. Con efectos desde 1 de xaneiro de 2007, a letra C) do punto 3 do artigo 61 queda redactada como segue:

«C) Rendas inmobiliarias imputadas a que se refire o artigo 85 da Lei do imposto, rendementos íntegros do capital mobiliario non suxeitos a retención derivados de letras do tesouro e subvencións para a adquisición de vivendas de protección oficial ou de prezo taxado, co límite conxunto de 1.000 euros anuais».

Tres. O punto 1 do artigo 81 queda redactado como segue:

«1. Non se practicarán retencións sobre os rendementos do traballo cuxa contía, determinada segundo o previsto no artigo 83.2 deste regula-

mento, non supere o importe anual establecido no cadro seguinte en función do número de fillos e outros descendentes e da situación do contribuínte:

Situación do contribuínte	N.º de fillos e outros descendentes		
	0 - Euros	1 - Euros	2 ou máis - Euros
1.ª Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente ..		12.996	14.767
2.ª Contribuínte cuxo cónxuxe non obteña rendas superiores a 1.500 euros anuais, excluídas as exentas	12.533	13.985	16.102
3.ª Outras situacións	9.843	10.569	11.376

Para os efectos da aplicación do previsto no cadro anterior, enténdese por fillos e outros descendentes aqueles que dan dereito ao mínimo por descendentes previsto no artigo 58 da Lei do imposto.

En canto á situación do contribuínte, esta poderán ser unha das tres seguintes:

1.ª Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente. Trátase do contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente con descendentes, cando teña dereito á redución establecida no artigo 84.2.4.º da Lei de imposto para unidades familiares monoparentais.

2.ª Contribuínte cuxo cónxuxe non obteña rendas superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas. Trátase do contribuínte casado, e non separado legalmente, cuxo cónxuxe non obteña rendas anuais superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas.

3.ª Outras situacións, que inclúe as seguintes:

a) O contribuínte casado, e non separado legalmente, cuxo cónxuxe obteña rendas superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas.

b) O contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente, sen descendentes ou con descendentes ao seu cargo, cando, neste último caso, non teña dereito á redución establecida no artigo 84.2.4.º da Lei do imposto por se dar a circunstancia de convivencia a que se refire o parágrafo segundo do dito punto.

c) Os contribuíntes que non manifesten estar en ningunha das situacións 1.ª e 2.ª anteriores.»

Catro. O número 1.º do punto 1 do artigo 85 queda redactado como segue:

«1.º Á base para calcular o tipo de retención a que se refire o artigo 83 deste regulamento aplícanse os tipos que se indican na seguinte escala:

Base para calcular o tipo de retención - Ata euros	Cota de retención - Euros	Resto base para calcular o tipo de retención - Ata euros	Tipo aplicable - Porcentaxe
0,00	0,00	17.707,20	24
17.707,20	4.249,73	15.300,00	28
33.007,20	8.533,73	20.400,00	37
53.407,20	16.081,73	En diante	43»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008. Non obstante, o disposto no punto dous do artigo único deste real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

22533 REAL DECRETO 1696/2007, do 14 de decembro, polo que se regulan os recoñecementos médicos de embarque marítimo. («BOE» 313, do 31-12-2007.)

No sector laboral marítimo-pesqueiro as condicións de traballo en que os traballadores realizan a súa actividade supuxeron, desde sempre, un factor adverso para a súa saúde. Factores configuradores da actividade marítima tales como o traballo en plataformas móbiles e espazos reducidos, a exposición a condicións físico-ambientais desfavorables, a existencia de elevadas cargas físicas, o illamento social e familiar, o afastamento de centros sanitarios asistenciais, entre outros, determinaron a necesidade de establecer medidas de prevención e protección da saúde dos traballadores embarcados.

Co fin de protexer a saúde dos traballadores do mar, a Orde da Presidencia do Goberno do 1 de marzo de 1973, considerando os principios emanados dos convenios da Organización Internacional do Traballo números 16, sobre exame médico dos menores; 73, sobre exame médico da xente de mar e 113, sobre exame médico dos pescadores, atribúe a realización dos recoñecementos médicos de aptitude para enrolarse en barcos de pesca ou mercantes aos servizos sanitarios do Instituto Social da Mariña.

Os recoñecementos médicos veunos realizando o Instituto Social da Mariña, en virtude da atribución efectuada por diferentes disposicións ao longo dos anos, das que cabe destacar a actualmente vixente, constituída polo Real decreto 1414/1981, do 3 de xullo, polo que se reestrutura ese organismo, en cuxo artigo 2, punto quinto, se dispón esa atribución, que foi reafirmada na disposición adicional sexta do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención de riscos laborais e que quedou reservada ao ámbito da Administración xeral do Estado nos sucesivos procesos de traspaso ás comunidades autónomas de competencias que, en materia de asistencia sanitaria, tiña encomendadas o Instituto Social da Mariña.

Mediante a Orde do 10 de xullo de 1984, do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, en desenvolvemento

do Real decreto 2358/1982, do 27 de agosto, que establece a estrutura orgánica do Instituto Social da Mariña, créase o Servizo de Medicina Marítima, con denominación actual de Servizo de Sanidade Marítima, en virtude do Acordo do Consello de Ministros do 30 de outubro de 1987. Os facultativos adscritos a este servizo viñeron realizando desde esa data os recoñecementos médicos previos ao embarque, como exixencia previa ao enrolamento dos mariñeiros, co propósito de detectar calquera enfermidade que poida presentar o traballador e agravarse especialmente co traballo no mar ou que supoña un risco para o resto da tripulación ou da pasaxe.

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece que as administracións públicas desenvolverán, entre outras, actuacións en materia de protección, promoción e mellora da saúde laboral. No ámbito da saúde laboral, a actuación sanitaria deberá comprender, entre outros aspectos, a vixilancia da saúde dos traballadores para detectar precozmente e individualizar os factores de risco e deterioración que poidan afectar a súa saúde.

Así mesmo, a práctica dos recoñecementos médicos de embarque marítimo debe entenderse como unha actividade dentro do ámbito preventivo dos riscos laborais similar aos exames de saúde recollidos no artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Por tanto, dado o carácter obrigatorio do recoñecemento médico de embarque marítimo e a competencia do Instituto Social da Mariña na súa realización, este real decreto vén resolver a duplicidade de actuacións que podería presentarse entre o recoñecemento médico de embarque marítimo e o previsto no artigo 22 da citada Lei 31/1995, do 8 de novembro, sen prexuízo de cantas outras responsabilidades lle competen ao empresario.

Por outra banda, conforme a Orde do 18 de xaneiro de 2000, do Ministerio de Fomento, que aproba o Regulamento sobre despacho de buques, a acreditación de ser declarado «apto para navegar» derivada dun recoñecemento médico previo practicado polo persoal sanitario designado polo Instituto Social da Mariña constitúe un documento para o enrolamento.

Esta normativa recolle os principios establecidos nos reais decretos 285/2002, do 22 de marzo, e 525/2002, do 14 de xuño, que incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 1999/63/CE do Consello, do 21 de xuño de 1999, relativa ao Acordo sobre a ordenación do tempo de traballo da xente de mar, así como as recomendacións da Organización Mundial da Saúde para realizar os recoñecementos médicos periódicos e previos ao embarque, especialmente sobre requisitos mínimos, categoría e frecuencia, condicións médicas dos traballadores que deben ser consideradas para o traballo no mar e o dereito á protección da intimidade dos examinados.

En materia de tratamento dos datos de saúde, os recoñecementos médicos regulados nesta disposición axústanse ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e en materia de información e documentación, aos principios reitores recollidos na Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, fortalecendo con isto o dereito á protección da saúde recoñecido pola Constitución.

Noutra orde, o traspaso ás comunidades autónomas das competencias que en materia de asistencia sanitaria viña prestando o Instituto Social da Mariña determinou a desaparición paulatina da figura do inspector médico proposto por este organismo na composición dos equi-